



CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN DO 11 DE NOVEMBRO DE 2014

Sesión: Extraordinaria

Lugar: Sala de conferencias da Casa das Campás de Pontevedra

Data: 11 de Novembro de 2014

Hora de comezo: 11:56 h.

Hora de remate: 12:13 h.

ASISTENTES:

Mato de la Iglesia Salustiano
Campanini Caffaro Micaela
Cid Rodríguez Tania
Corbacho Valencia Juan Manuel
Dopico Aneiros Dolores
Fariña Rivera Francisca
García-Pintos Escuder Adela
García Soidán José Luis
González Dopazo Lois
Iglesias Besada Sara
Lantarón Caeiro Eva María
López Rubianes Lucrecia
Mollinedo Lois Carlos
Prieto Troncoso Javier José
Picos Martín Juan
Torres Romay Emma

EXCUSAN A SÚA AUSENCIA

ORDE DO DÍA:

Punto único: Constitución do Consello de Campus

O Sr. Reitor cos asistentes sinalados anteriormente constitúe o Consello do Campus de Pontevedra as 12:05 h., do día 11 de Novembro de 2014.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:13 h., co visto e prace do Presidente e do que eu como Secretario dou fe.

Pontevedra a 11 de Novembro de 2014

O Secretario

José Luis García Soidán



CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN DO 11 DE NOVEMBRO DE 2014

Sesión: Ordinaria

Lugar: Sala de conferencias da Casa das Campás de Pontevedra

Data: 11 de Novembro de 2014

Hora de comezo: 12:15 h.

Hora de remate: 13:50 h.

ASISTENTES:

Mato de la Iglesia Salustiano
Campanini Caffaro Micaela
Cid Rodríguez Tania
Corbacho Valencia Juan Manuel
Dopico Aneiros Dolores
Fariña Rivera Francisca
García-Pintos Escuder Adela
García Soidán José Luis
González Dopazo Lois
Iglesias Besada Sara
Lantarón Caeiro Eva María
López Rubianes Lucrecia
Mollinedo Lois Carlos
Prieto Troncoso Javier José
Picos Martin Juan
Torres Romay Emma

EXCUSAN A SÚA AUSENCIA

ORDE DO DÍA:

O Sr. Reitor cos asistentes sinalados anteriormente, inicia a sesión ordinaria para tratar os puntos da orde do día:

1. Nomeamento do secretario/a do Consello de Campus.

O Reitor propón a D. José Luis García Soidán como Secretario do Consello de Campus de Pontevedra. A proposta e aprobada por asentimento dos presentes.

2. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29/05/2013).

Apróbase por asentimento dos presentes a acta anterior, co rogo de que para posteriores convocatorias do Consello, se envíe xunto coa convocatoria do Consello a acta da sesión anterior.



3. Informe do Presidente.

O Sr. Reitor informa do proceso que se está a seguir con respecto ao Campus CREA. Explica que dentro das actuacións do Campus CREA enviáronse enquisas informativas os investigadores do Campus, empresarios, políticos e institucións da zona, co obxectivo de elaborar un documento de traballo (anteproxecto do Campus CREA), que servise de guía para a elaboración do plan estratéxico para a comunidade académica dentro da especialización do Campus CREA, traballo iniciado conxuntamente coa comisión técnica composta polos/as decanos/as dos centros do campus. Unha vez rematado ese traballo, vense de aprobar a Comisión de Dirección Técnica do Campus CREA, que terá as seguintes áreas: investigación e captación de talentos; transferencia e emprendemento; cultura; académica; comunicación e internacionalización.

O Sr. Reitor explica que estase a elaborar un documento para conseguir a denominación de campus especializado en Pontevedra, da cordo coa Lei Galega de Universidades, namentras que xa se irán desenvolvendo actividades dentro do Campus CREA aínda que non se conte con financiación específica.

A continuación toma a palabra o Vicerreitor do Campus de Pontevedra, para informar das seguintes actuacións:

Captación de alumnado: estanse a desenvolver reunións informativas sobre as titulacións que se ofertan no campus de Pontevedra dirixidas a distintos colectivos (ANPAs, institutos, etc.), para atraer a estudantes a este campus, mediante visitas guiadas aos centros, xestionando os desprazamentos, dando charlas específicas sobre temas relacionados coas titulacións, etc. sempre en colaboración co SIOPE. Tamén estase a crear un mapa por concellos e institutos, dos que procede o noso alumnado. Salienta o Reitor que neste momento a Universidade de Vigo ten un 94% da súa oferta de prazas en grao e posgrao cubertas, cifra sensiblemente superior ás Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña. Dende a Vicerreitoría do Campus estanse articulando os medios para implicar ao alumnado das delegacións de alumnos, para que participen tanto nos proxectos de captación de novo alumnado como nas charlas informativas.

Desde a vicerreitoría e conxuntamente cos decanatos dos distintos centros do campus, estanse a preparar una Xornadas de portas abertas para o 19 de xaneiro. Tamén desde a vicerreitoría inténtanse concretar reunións cos directores e orientadores dos distintos centros educativos da zona, para acercar a Universidade de Vigo ós centros, procurando que aos mellores expedientes destes institutos se lles invite a estudar na Universidade de Vigo. Unha das iniciativas previstas sería invitar aos/as directores/as dos institutos de orixe dos próximos premios extraordinarios que se entregarán no acto do día de Santo Tomé de Aquino.

Outra iniciativa sería por en marcha entre os centros educativos da zona, promover o concurso de redacción “Coñeces a túa universidade” para que o alumnado se interese pola nosa universidade, especialmente intentando elevar a



porcentaxe de ocupación nas titulacións de Enxeñaría Forestal e Dirección e Xestión Pública, para acadar un número suficiente de alumnado matriculado. Intentando pensar para estas titulacións fórmulas de semi-presencialidade para ser máis atractivas para o alumnado.

A continuación o Vicerreitor, comenta as actuacións e proxectos que estanse a realizar na área de Cultura do campus de Pontevedra:

- Obradoiros para primeiro cuadrimestre
 - Uso da música no primeiro ciclo da educación infantil
 - A voz: unha ferramenta para triunfar
 - Fotografía documental e de rúa: historia e técnicas
 - Community Management no Terceiro Sector
 - Facer un filme. Da idea á produción. Traballar dende a periferia
 - Fotografía documental vs. Cine documental ou como o tempo pasa, ás veces
- Aula tecnolóxica:
 - Community Management
 - Processing: unha porta de entrada ao código creativo
 - Introducción á análise de datos con Excel
 - Introducción e fundamentos de maquetación de páxinas web con CSS
- SALA X:
 - Elas Fan Tech
 - Xénero e Artes Visuais na Uvigo
 - Apostolado Galaico
 - Nivel fértil
 - Ciclo documental “Ollar de Mulleres”
 - Big Brothers Filloaldea TV Íntimamente Pública
 - Transcursos #2
 - Retratos de Asakusa
 - Próximamente Xosé Teiga
- En colaboración co Concello de Pontevedra:
 - Finalización do proxecto Banco de Tempo
 - Entrega de premios Constrúe en Verde
 - Entrega de premios Deseño para tod@s
- Sesión de Moda Sustentable MOV3
- Bolsa de difusión cultural
- Ciclo de cine “Quen move os fíos?”
- Concerto do Dúo Quodlibet
- Gala do Deporte (11/12/2014)
- Maratón de Zumba
- En curso:
 - Green Campus
 - Coro do Campus de Pontevedra



- Aula de Teatro
- PonteSustainability Jam (22/11/2014)
- Clube de debate ligado a “Conversas na Uvigo”
- Colaboración con Garaxe Hermético e Liceo Mutante para unhas xornadas sobre banda deseñada
- Colaboración con Sala Karma (Surfing the Lerez)

A continuación o Vicerreitor informa sobre os gastos en infraestruturas que estanse a realiza no Campus de Pontevedra, e que se resumen deste xeito:

- Facultade de Belas Artes (27.881,24 euros)
- Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (22.904,67 euros)
- Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación (43.380,22 euros)
- Facultade de Fisioterapia (11.451,03 euros)
- Escola de Enxeñaría Forestal (41.124,75 euros)
- Biblioteca (946,39 euros)
- Escola Infantil (8.112,15 euros)
- Pavillón Universitario (42.334,14 euros)

As previsións de gasto para os próximos meses son:

- Construcción do carril bici na parcela 1 (Avda. Celso E. Ferreiro)
- ADIF apeadeiro
- Melloras de accesibilidade do Pavillon de Deportes
- Conexións de auga no Campus da Xunqueira
- Colocación de vinilos nos carteis de información
- Melloras derivadas do proxecto de Green Campus relativos a eficiencia enerxética e consumo de auga (temporizadores, lámparas led)

E numerosas obras a realizar derivadas dos Plans de autoprotección dos Centros:

- Facultade de Belas Artes: compartimentación do Centro, mellora do sistema de aireación dos taller de pintura (en execución)
- Facultade do Ciencias da Educación e do Deporte: Saídas de evacuación, equipamento de aire acondicionado
- Escola de Enxeñaría Forestal: división do salón de actos con insonorización, mellora do taller de madeira (en execución)
- Facultade de Fisioterapia: modificación exterior da saída de emerxencia ala sur, colocación de sistema de renovación de aire nas aulas
- Casa das Campás: colocación pasamáns na escaleira, sinalización vías de emerxencia, colocación varanda no segundo piso

Finalmente, o Vicerreitor resume o estado de execución do orzamento, que se recolla na táboa seguinte:



PARTIDA	CRÉDITO DEFINITIVO	CRÉDITO EXECUTADO
421S	145.126,00	144.851,95 (99,81%)
311V	579.285,77	458.368,76 (79,12%)
211E	18.000	16.962,03 (94,23%)
211E DEP	92.000	85089,37 (92,49%)
211E CUL	107.700	82162,28 (76,28%)

4. **Aprobación, se procede, da composición da comisión delegada do consello de campus** para seleccionar os proxectos para as convocatorias de cursos e obradoiros de extensión universitaria.

A comisión apróbase por asentimento dos presentes, coa seguinte composición:

Presidente: Vicerreitor, D. Juan Manuel Corbacho Valencia.

Directora: D^a. Francisca Fariña Rivera

Representantes de PDI: D^a Eva Lantarón Caeiro

Representante de PAS: D. Carlos Mollinedo Lois

Alumno: D. Javier Prieto Troncoso

5. **Rogos e preguntas.**

- Sr. Carlos Mollinedo pregunta ao Sr. Reitor por asuntos que quedaron pendentes de reunións anteriores: Residencia Universitaria; situación da Escola de Enfermería e como se articula dentro do campus CREA e a posibilidade dunha Facultade de Ciencias da Saúde que integrase as distintas titulacións relacionadas do campus; captación de alumnado para o campus de Pontevedra.
- O Sr. Reitor responde que estase a traballar co Concello e outras institucións para concretar a situación da Residencia Universitaria no campus de Pontevedra. No que respecta a Escola de Enfermería, o Sr. Reitor recorda que pertence o SERGAS e que estase a traballar conxuntamente para articular a súa ubicación definitiva, así como a plantilla e requisitos do persoal que deberá ser asumido pola universidade, para, unha vez integrado na Universidade de Vigo, poda formar parte do Campus CREA e pensar no futuro nunha Facultade de Ciencias da Saúde, pero polo momento non se contempla.
- D^a. Micaela Campanini sinala que a situación do alumnado que menos se implicaba nas actividades dos centros ten mellorado debido o apoio prestado polos centros, potenciándose desde os decanatos dita implicación en colaboración das delegacións de alumnos dos centros.



- D^a. Francisca Fariña sinala respecto a ampliación da Facultade de Fisioterapia, que tamén existe a necesidade de ampliación da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, no que respecta os laboratorios, sas de musculación e outras necesidades de espazos do centro.
- O Sr. Reitor responde que estase a estudar a viabilidade técnica e económica de ditas ampliacións nos dous centros.
- D^a. Eva Lantarón, sinala que a ampliación da Facultade de Fisioterapia esta pendente dunha modificación do plan de urbanismo de Pontevedra. E por outra parte, indica que en ningún momento se ten contemplado a situación da Facultade de Ciencias da Saúde, pola Facultade de Fisioterapia.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:50 h., co visto e prace do Presidente e do que eu como Secretario dou fe.

Pontevedra a 11 de Novembro de 2014

O Secretario

José Luis García Soidán